

NOTA DE PRENSA

Máis de cen terapeutas dos programas de atención psicolóxica en violencia de xénero revisan a intervención con menores

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019. Mañá sábado 23 de febreiro, os máis de cen psicólogos e psicólogas que integran a rede dos programas de atención psicolóxica especializada no ámbito da violencia de xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia participarán nunha xornada que actualizará as súas competencias profesionais en cuestións como a intervención con menores ou tras os asasinatos machistas. Esta actividade terá lugar ao longo de todo o día na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, no Salón de Actos.

Na xornada de mañá, presentaranse dous documentos propios nos que traballaron cadanseu grupo especializado. Por unha banda, a psicóloga Paula Baldomir Gago, experta en psicopatoloxía e psicoterapia na infancia e na adolescencia abordará a ponencia que leva por título “As vítimas invisibles da violencia de xénero: Directrices e Recomendacións”. Nesta exposición, a relatora presentará un documento elaborado por un grupo de profesionais expertas neste campo onde se tratará de identificar, nomear e documentar o impacto da violencia de xénero nos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia, para deste xeito darlle visibilidade como vítimas de violencia de xénero.

Preténdese atender á urxencia de implementar medidas reais que sexan consonantes coa modificación da lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e adolescencia. Inclúe tamén a exposición dunha serie de recomendacións e medidas para visibilizar a situación e que se tomen as medidas de protección e reparación oportunas.

A continuación, Julita M^a Touriño Araújo, psicóloga experta en psicoloxía de emerxencias e catástrofes, presentará un novo protocolo postemerxencia, un documento no que se deseña o procedemento tras unha situación de asasinato ou homicidio por violencia de xénero, onde as persoas afectadas de primeiro nivel (familia directa da vítima e do perpetrador), teñen a posibilidade de solicitar atención psicolóxica especializada para poder abordar o primeiro impacto desta situación.

Xa na sesión de tarde, a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, a través da súa vogal M^a Pilar Millán Cerqueiro, exporá o panorama actual na intervención no ámbito da violencia de xénero para abordar cuestións éticas e deontolóxicas que se presentan con frecuencia neste contexto. De feito, contará cunha parte práctica, na que as persoas participantes poderán propoñer todas aquelas cuestións e dilemas que atopan no seu día a día.

Pechará a xornada a psicóloga M^a Carmen González Pais, psicóloga forense, que se centrará no papel dos programas de intervención psicolóxica en violencia de xénero ante a administración de xustiza, onde se tratarán cuestións como a elaboración de informes ou a importancia da comunicación do risco en este tipo de casos.

Esta xornada forma parte do programa formativo anual que é de obrigado cumprimento para as psicólogas e psicólogos que integran esta rede.

Atención psicolóxica especializada

Os programas que se veñen desenvolvendo o Colexio Oficial de Psicoloxía buscan ofrecer uns recursos especializados de elevada calidade para evitar a agresividade na parella e abordando a problemática da violencia de xeito integral, para que tanto o agresor como a vítima saian da espiral na que están inmersos e non recaian en situacións semellantes.

Abramos o Círculo é un programa que ofrece atención psicolóxica especializada e de apoio a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, ao que recorren voluntariamente homes que desexan mudar esta situación e eliminar a agresividade na súa relación coa familia e en especial, coa súa muller. A través deste programa, un total de 74 terapeutas ofrecen información e tamén atención psicolóxica personalizada con dous obxectivos. Por unha banda, previr a violencia de xénero, e pola outra, ofrecer atención e terapia a aqueles homes que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia, e a comunicarse dun xeito máis adecuado coa súa familia, e en particular, coa súa parella.

O segundo dos programas que se recolle neste convenio é o de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Cento dez terapeutas por toda Galicia constitúen unha rede amplísima de asistencia que pode atender en menos de 48 horas a calquera muller que o solicite na súa localidade, e ao igual que no anterior programa, coa vantaxe de acudir gratuitamente a un despacho privado que non a identifica como vítima de violencia de xénero e que lle garante a privacidade.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal